



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 80/142

**Asunto:** Remisión de información para anexar ao Orzamento da Entidade

**Dirixido a:** Fundacións dependentes do Concello de Vigo, que forman parte do Grupo Concello de Vigo por estar incluídas no perímetro de consolidación.

**Fundacións incluídas:** MARCO, CONVENTION BUREAU.

**Orzamento:** 2024

**INFORMACIÓN A SUBMINISTRAR AO CONCELLO PARA A SÚA INCORPORACIÓN AO ORZAMENTO.**

a) Marco orzamentario de medio prazo.

No que se enmarcará a elaboración dos Orzamentos anuais, de conformidade co artigo 6 da Orde 2105/2012.

Esta información deberá reflectir unha previsión da Liquidación do orzamento do ano (n) e unha previsión orzamentaria dos anos (n+1, n+2 e n+3), neste caso, liquidación prevista para o ano 2023 e marco orzamentario dos anos 2024, 2025 e 2026.

Deberá estar a disposición da Entidade con data límite a última semana de febreiro, sendo o prazo de remisión de toda a información consolidada pola Entidade Matriz o 15 de marzo.

Como non foi remitida, a Dirección Orzamentaria fixo unha previsión e foi incluída na remisión que se trasladou ao Ministerio de Facenda (MINHAFP), tomando como base a Liquidación do ano 2022 para a proxección da Liquidación do ano 2023. Para o marco orzamentario de medio prazo, estimouse a evolución tendencial da economía española a medio prazo.

b) Liñas fundamentais do orzamento.

En cumprimento do previsto no art. 15.1 da Orde HAP/2105/2012, esta información conterà o proxecto de orzamento do ano (n+1). Estará a disposición da Entidade matriz con data límite do 1 de setembro do ano (n). O prazo para a Entidade matriz de aprobación, consolidación e remisión é do 15 de setembro do ano (n).

A información para formar as Liñas fundamentais do Orzamento do ano 2024, deberá estar remitida a esta Entidade con data límite 6 de setembro, en caso contrario, será esta dirección quen faga unha estimación da Liquidación do orzamento do ano 2023 e a previsión do ano 2024. A previsión da Liquidación será a que se faga constar no portal do MINHAFP correspondente ao

Normas para a formación do orzamento do ano 2024 1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/07/2023 09:59	Páxina 1 de 4
80-142	CSV: AAA82D-E15323-B22HDB-ERDMJ2-VGYDCM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



SEGUNDO trimestre. En canto ao Orzamento do ano 2024, manteranse as contías das achegas do Concello do ano 2023.

c) Orzamento do ano 2024.

En cumprimento do previsto no artigo 168 do TRLRFL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, aos efectos de incluír o Orzamento das Fundacións dependentes do Concello como un ANEXO nos orzamentos que tramita a Entidade matriz para o ano (n+1), con data límite 15 de setembro do ano (n), teñen que remitir o proxecto de orzamento ou o denominado Plan de investimento e financiamento (PAIF) para o ano (n+1). No caso que nos ocupa, deberán ter achegado a información orzamentaria con data límite do 15 de setembro, documento que deberá estar asinado.

### CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE E REGRA DE GASTO

Ao igual que acontece para o PMP e MOROSIDADE, o cumprimento das regras fiscais de Estabilidade orzamentaria e da Regra de Gasto, afectan ao Grupo do perímetro de consolidación, polo que deberán tramitar e executar os orzamentos sempre dentro dos termos fixados anualmente polo MINHAFP e aprobados polas Cortes Xerais.

#### Estabilidade orzamentaria

En cumprimento do previsto no artigo 11, da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do sector público someterase ao principio de estabilidade orzamentaria.

$\sum$  (ingresos non financeiros)  $\geq$   $\sum$ (gastos non financeiros: aprovisionamentos, persoal, outros gastos de actividade), é dicir, que os ingresos non financeiros sexan  $\geq$  que os gastos non financeiros.

O obxectivo anual para o subsector local, é o de equilibrio ou superávit.

Este obxectivo require que con carácter trimestral se avalíe a situación por si fose necesario relentizar o gasto en relación co incumprimento das previsións de ingreso.

En termos de ingreso non financeiro, computan os ingresos pola actividade propia e as achegas e doazóns recibidas.

Nos gastos non financeiros, computan: Gastos de persoal, outros gastos de actividade, aprovisionamentos (signo negativo) e os gastos financeiros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/07/2023 09:59	Páxina 2 de 4
80-142	CSV: AAA82D-E15323-B22HDB-ERDMJ2-VGYDCM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



### Regra de gasto

A variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB).

Gasto computable =  $\sum$ ( gastos de aprovisionamentos, persoal, outros gastos de actividade. Non computan as amortizacións nin o deterioro por enaxenacións do inmovilizado) .

Non computan os gastos financiados con enaxenacións de bens.

Entenderase por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

### Regras Fiscais

Para o ano 2024, volve a estar activado o Plan de Estabilidade e Crecemento, polo tanto, se activa o cumprimento das regras fiscais (estabilidade Orzamentaria, regra de gasto e endebedamento).

Calquera variación á alza do Orzamento de gastos ten que estar sustentada nun aumento efectivo dos recursos.

Calquera dúbida que xurda en relación cos requirimentos, deberán pórse en contacto coa Entidade matriz.

### Actualización dos Gastos de persoal

(Gastos de Persoal).

En relación coa información que se ten que remitir para a formación do Proxecto de Orzamentos para o ano 2024, non existe a esta data información algunha sobre la variación legal en relación co ano 2023.

O criterio que se vai aplicar na entidade matriz, é unha previsión do 2,5% sobre o ano 2023 para as retribucións e do 2% para o custe da Seguridade Social.

De resultar que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2024, contéplase unha actualización distinta, estarase ao seguinte: si a actualización é inferior, aplicarase o que diga a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/07/2023 09:59	Páxina 3 de 4
80-142	CSV: AAA82D-E15323-B22HDB-ERDMJ2-VGYDCM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 80/142

Lei, si a actualización é por unha porcentaxe superior ca prevista no orzamento, aplicarase con cargo ás dotacións anuais.

**Gastos de funcionamento, mantemento e programas**

Manterase o nivel de gasto do ano precedente, agás que a Fundación obteña recursos adicionais para financiamento de actividades e programas.

En Vigo á data da sinatura electrónica.

O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

Conforme: O Concelleiro Delegado da Área do Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira  
(Resolución da Alcaldía de 20 de xuño de 2023 (BOPPO nº 123 de 27 de xuño))



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/07/2023 09:59	Páxina 4 de 4
80-142	CSV: AAA82D-E15323-B22HDB-ERDMJ2-VGYDCM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		